



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZAOITO DE NOVEMBRO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Tenentes de Alcalde:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e quince minutos do día dezaioito de novembro de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16/10/2025)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaseis de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de dona María Josefa López Sanín. (Expediente número 2025/U026/000066)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Josefa López Sanín para repoñer e reparar paredes de edificación auxiliar colocando bloques caídos.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001502300NH34B, emprazada en Paradela, 38 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Instancia núm. 202599900000948 de don Antonio Iglesias Vilela. (Expediente número 2025/U022/000019)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB e garaxe (232,78 m²) en Romarís, 17 - Sales (San Xíán) (expediente núm.: 2025/U022/000019), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Pablo Castro Pais, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 141.540,50 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1133
Parcela bruta total (m ²)				-
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		0
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,4	0,30 (339,90)		232,78 < (339,90)
Ocupación máxima (%)	50	40 (453,20)		232,78 < 453,20
Aliñación (m)	Plan. / >3,00	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	>3,00	>3,00	(3)	>3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B/4,49
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090F50100013.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pablo Castro Pais, sen que se poida alterar o proxecto ou as actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que se achegue comunicación previa acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda. Achegarase ademais un documento asinado polo técnico redactor do proxecto de execución onde se sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza, sen introducir modificacións substanciais. No caso de modificacións substanciais con respecto ao proxecto básico, deberase solicitar a modificación da licenza concedida. Consideraranse modificacións



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



substanciais, entre outras, o cambio de uso, condicións de volume, posición e ocupación, edificabilidade, altura, recuamentos e separación de lindeiros,..) Artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel que a vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): dous mil oitocentos trinta euros con oitenta e un céntimos (#2.830,81#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.3.- Comunicación de obra de don Casimiro Villanueva Neira. (Expediente número 2025/U026/000065)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra achegada por don Casimiro Villanueva Neira para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 5kw, sobre o solo da parcela, nos termos da documentación técnica achegada asinada por enxeñeiro técnico industrial 3.675 COETICOR e de data outubro de 2025.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001702700NH43E, emprazada en Fontao, 11 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento setenta e seis euros (#176,00#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.4.- Instancia núm. 202599900001123 de UFD Distribución Electricidad S.A (Expediente número 2025/U022/000022)

Dáse conta da citada instancia na que dona Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de novo tramo de liña de baixa tensión subterránea con inicio no PAS existente e final da CPM do solicitante, cunha canalización total de 35 metros de lonxitude, RBTS LUGAR AGUSTIN Nº 6 (VEDRA), con código SGD: 618525090066, en Angustín - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2025/U022/000022), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial COETICOR 2233, cun orzamento provisional de 3.870,15 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 17/10/2025.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario, desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de setenta e sete euros con corenta céntimos (#77,40#)

2.5.- Instancia núm. 202599900001075 de don Genaro Couto Carou. (Expediente número 2025/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para agrupación e parcelamento de fincas do que resultan dúas novas parcelas e dúas parcelas de cesión para regularización da vía, en Pedreira – Trobe (San Andrés), nos termos da documentación técnica achegada asinado por enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1985 COITA, de data 09/10/2025.

As parcelas atópanse en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas na documentación técnica achegada, emprazada no lugar de Malfurado - Trobe (San Andrés), nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, nos termos do disposto na ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 13-16, (parcela de cesión A: 30 m² e parcela de cesión B: 110 m²) e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.6.- Comunicación de obra de Octopus Energy Services España Sociedad Limitada (Expediente número 2025/U026/000033)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovida por don Roberto Giner Hernández, en representación de Octopus Energy Services España Sociedad Limitada, para instalación solar fotovoltaica de 9.01, 17 paneis fotovoltaicos de silicio de tipo monocristalino de 530 Wp, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan Méndez Legua de data 12/06/2025.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da declaración responsable en Augas de Galicia, DH.W15.111208, que cumpre.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50140048, emprazada en Laraño, 48 - Sales (San Xián), con un prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos noventa e sete euros con oitenta e tres céntimos (#297,83#).

2.7.- Instancia núm. 202599900001167 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente2025/U022/000025)

Dáse conta da citada instancia na que dona Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico a vivenda proxectando novo tramo de liña de baixa tensión subterránea, de 128 metros de lonxitude, nos termos da documentación técnica: RBTS Lugar de Xián, s/n - Polígono 505 / Parcela 678 (Vedra), con código SGD: 618525100133 en Xián - Sarandón (San Pedro) (expediente núm.: 2025/U022/000025), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial colexiado COETICOR 2233, cun orzamento provisional de 12.001,85 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 30/10/2025.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirose o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos corenta euros con catro céntimos (#240,04#)

2.8.- Comunicación de obra de don Manuel Martínez Canicoba. (Expediente número 2025/U026/000067)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Martínez Canicoba para peche frontal de parcela, aproximadamente 18 metros de largo, e peche lateral, sur e oeste, de aproximadamente 95 metros de largo, con base de bloque, revestido e pintado de branco, ata unha altura máxima de 1,50 metros e postes e malla de arame ata unha altura total de 1,80 metros. Colocación de portal de acceso na fronte da parcela.

Dáse conta da autorización outorgada pola Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, expediente 2025000032382.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700423, emprazada en Argunte, 27 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, debendo axustarse aos termos da autorización sectorial outorgada en canto a alturas e distancias á estrada provincial DP 8902.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (#125,56#).

2.9.- Instancia núm. 202599900001162 de dona Lourdes Orosa Carpinteiro (Expediente número 2025/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de edificación auxiliar con destino a garaxe de 60 m² en Angustin, 3 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2025/U022/000024), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Luis Ruibal Rodríguez, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 14.011,20, coas seguintes características:

PARAMETRO EDIFICACIÓN AUXILIARES	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1567,00
Altura	3,50m	3,50m		<3,50
Ocupación	10%	10%		60m²/<10%
Retranqueos (m)	Aliñación/>3,00	Aliñación/>3,00	(3)	>3,00
Usos	Alpendres	Alpendres		Garaxe

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000205100NH43D.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada, número de visado 2505417/2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán



debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións, o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): douscentos oitenta euros con vinte e dous céntimos (#280,22#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, o importe das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.10.- Declaración responsable inicio actividade de prensado e maceración de semente de camelia. (Expediente 2025/U019/000003)

Dáse conta da declaración responsable achegada por Enrique Neira Picón de inicio de actividade de prensado e maceración de semente de camelia, en Sarandón - Sarandón (San Miguel), en este termo municipal. Expediente municipal número: 2025/U019/000003 .

Dáse conta tamén da comunicación previa de obra, expediente municipal número 2025/U027/000001, para legalización e acondicionamento de edificación para prensado e maceración de semente de camelia, do que se tomou coñecemento pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/10/2025.

Visto o disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e demais de aplicación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, toma coñecemento do inicio da actividade de Prensado e maceración de sementes de camelia, en Sarandón - Sarandón (San Miguel), neste termo municipal, nos termos declarados por Enrique Neira Picón e conforme á documentación achegada.

2.11.- Instancia núm. 202399900001045 de don Pedro Morales Estrada (Expediente núm. 2023/U022/000037)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/07/2025, para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Galegos, 15 - Vilanova (San Pedro) (expediente municipal número.: 2023/U022/000037), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2505482/5) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución. Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2023/U022/000037).

2.12.- Comunicación de obra de don José Manuel García Gañete. (Expediente número 2025/U026/000049)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel García Gañete para renovación de cuberta de vivenda retirando a tella existente e colocando placas de fibrocemento e nova tella curva vermella, nunha superficie aproximada de 123 m².

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 15/10/2025, expediente XTC-2025-2011.AUI.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002306800NH43F, emprazada en Tomonde, 41 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, así coma ás condicións do informe sectorial emitido.

A ocupación da vía pública para a execución dos traballos deberá comunicarse indicando o punto exacto de colocación do camión-grúa e non poderán iniciarse as actuacións comunicadas sen obter a autorización específica da ocupación da vía.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos setenta e sete euros con doce céntimos (#277,12#)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.13.- Instancia núm. 202599900000803 de Verónica Aldrey Paz e Oscar Rodríguez González (Expediente número 2025/U022/000017)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de B+1 e garaxe, de 211,06 m² de superficie construída, en Vilar, 30 - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2025/U022/000017), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais- (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, proxecto básico, asinada por Arquitecto Colexiado número 3.698, e un presuposto de execución material de 132.405,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1071,51
Parcela bruta total (m ²)				1071,51
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		-
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,4	0,30 (321,45)		219,29 < (321,45)
Ocupación máxima (%)	50	40 (428,60)		229,58 < 358,00
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	>3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B+1
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50400379.

Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente Expediente: Usos privativos por disposición legal e Inscripción no Rexistro de Augas, Clave: DH.B15.108510.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



expediente de caducidade con audiencia aos interesados. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Arquitecto Colexiado número 3.698, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que se achegue comunicación previa acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda. Achegarase ademais un documento asinado polo técnico redactor do proxecto de execución onde se sinala que este se axusta e desenvolve a determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza, sen introducir modificacións substanciais. No caso de modificacións substanciais con respecto ao proxecto básico deberase solicitar a modificación da licenza concedida. Consideraranse modificacións substanciais, entre outras, o cambio de uso, condicións de volume, posición e ocupación, edificabilidade, altura, recuamentos e separación de lindeiros,..) Artigo 143,4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito a vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel que a vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): dous mil seiscientos corenta e oito euros con dez céntimos (#2.648,10#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

3.- Aprobación liquidación Transporte Metropolitano de Galicia: achegas 2024 e 2025.

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, na que de acordo co disposto nas estipulacións segunda (punto 2.3.b) e oitava (derradeira) do convenio de colaboración subscrito para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano, remiten a liquidación das contas correspondentes ao exercicio 2024 e as previsións das achegas que deberán efectuarse para facer fronte ao programa de tarifas neste exercicio 2025:

Gasto estimado achegado para o ano 2024	3.869,66
Gasto real ano 2024	3.717,10
Diferenza Gasto real 2024 – Estimación 2024	- 152,56



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Estimación Programa de tarifas 2025 (gasto real 2024* porcentaxe)	3.965,78
TOTAL ACHEGA 2025	3.813,22
Porcentaxe estimado de incremento da demanda sobre o 2024	106,69%

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a citada liquidación.

Segundo.- Proceder ao seu ingreso na conta facilitada ao efecto.

4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
874	01/10/2025	Delegando no 2º Tenente de Alcalde a atribución para a celebración de matrimonio civil a celebrar o 25.10.2025
875	01/010/2025	Delegando no concelleiro don Juan Manuel Cernadas Méndez a atribución para a celebración de matrimonio civil a celebrar o 17.10.2025
876	01/10/2025	Delegando na concelleira dona Diana Varela Barreiro a atribución para a celebración de matrimonio civil a celebrar o 25.10.2025
877	01/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
878	01/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de MRM
879	01/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de SLV
880	01/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de AAC
881	01/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de RPC
882	01/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de RCM
883	01/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
884	01/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
885	02/10/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga de ARF e XRF
886	02/10/2025	Adxudicación contrato de Substitución da cuberta da nave da estación, espazo escénico e musical, cofinanciado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mediante convenio, a Nature Infraestructuras y Servicios, S.L (Expediente 2025/C003/000003)
887	03/10/2025	Concesión licenza administrativa de posesión de animais (can)
888	03/10/2025	Concesión licenza administrativa de posesión de animais (can)
889	03/10/2025	Concesión praza vacante na EIM, curso 2025/2026 a MSC
890	03/10/2025	Concesión suspensión temporal na EIM por causa xustificada a GRB
891	03/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente licenza urbanística de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		novo tramo de liña de baixa tensión subterránea (Expediente 2025/U022/000021)
892	06/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
893	06/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
894	06/10/2025	Aprobación expediente de contratación da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela POS + Adicional 2/2025) (Expediente 2025/C003/000005)
895	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade dependencia, correspondente ao mes de setembro
896	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrência, correspondente ao mes de setembro
897	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores e ludoteca, por asistencia días soltos no mes de setembro
898	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de outubro
899	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de outubro
900	07/10/2025	Aprobación modificación de créditos 15/2025 na modalidade de xeración de créditos vinculados á subvención para o investimento Ampliación da rede de saneamento en Paradela –San Xián de Sales (POS+ Adicional 2/2025)
901	07/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de setembro
902	07/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Marzán de Abaixo, 7 –Vedra (Expediente 2025/U052/000004)
903	07/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de legalización de edificación para prensado e maceración de semente de camelia en Sarandón – San Miguel de Sarandón (Expediente 2025/U027/000001)
904	08/10/2025	Aprobación e orde de pagamento do gasto en concepto de estudo e elaboración de orzamento para actuacións de modificación de tendido de telefonía no patio do CEIP de Ortigueira
905	08/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención para o Programa Concilia –Corresponsables 2024/2025
906	08/10/2025	Concesión autorización para entrada de vehículos de transporte de máis de 3,5 toneladas no lugar de Ponte Ulla (rúa) para deixar mercadorías no Forno da Ulla
907	08/10/2025	Aprobación certificación núm. 3 e última da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago) e factura correspondente da adxudicataria Alcomte Galicia, S.L, por importe de 32.822,21 euros
908	09/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
909	09/10/2025	Aprobación e orde de pagamento de taxa para a 2ª inscrición no rexistro de plans de autoprotección do Plan da EIM de Vedra



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



910	10/10/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, curso 2025/2026, a IGC
911	10/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación- Espazo Coworking, correspondente ao mes de setembro
912	10/10/2025	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e problemas de mobilidade de IFO (nº 69)
913	10/10/2025	Adxudicación mediante contrato menor de maquetación de libro e desenvolvemento de ruta arquitectónica do Programa de Voluntariado Intrexeracional Entretempos Raíces de Vedra (Proxecto piloto Talento Interxeracional no medio rural-Fondos NexGenerationEU) (Expediente 2025/C002/000023)
914	10/10/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, curso 2025/2026, a LGC
915	10/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
916	10/10/2025	Incoando expediente de xestión de biomasa en parcela sita en Paradela (San Xián de Sales)
917	10/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
918	10/10/2025	Aprobación liquidación taxa a Nature Infraestructuras y Servicios, S.L, pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de Substitución da cuberta da nave da estación, espazo escénico e musical (Ordenanza fiscal núm. 26. BOP núm. 21/24 do 29.01.2024)
919	10/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a ampliación da rede de abastecemento en Fornelos e Manteles de Abaixo, levada a cabo por administración (Fondo de Compensación Ambiental 2025)
920	10/10/2025	Aprobación liquidación taxa a Nature Infraestructuras y Servicios, S.L, pola formalización de contrato da obra de Substitución da cuberta da nave da estación, espazo escénico e musical (Ordenanza fiscal núm. 6. BOP núm. 21/24 do 29.01.2024)
921	10/10/2025	Aprobación liquidación taxa a Instaiglesias, S.L pola formalización de contrato de melloras eficiencia enerxética na Biblioteca/Ludoteca e na EIM (gardería), financiadas con cargo ao Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local 2025 (Ordenanza fiscal núm. 6. BOP núm. 21/24 do 29.01.2024)
922	10/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ximnasio municipal correspondente ao 1º cuadrimestre da tempada 2025/2026
923	13/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.40, por importe de 65.600,94 euros
924	14/10/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
925	14/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
926	14/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
927	14/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente comunicación de obra para instalación solar fotovoltaica en Fontao, 11 –Vedra (Expediente 2025/U026/000065)
928	14/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente comunicación de obra para construción de rampla de acceso a finca en Gatente –San



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Andrés de Trobe (Expediente 2025/U026/000064)
929	14/10/2025	Aprobación expediente de contratación da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS +2025) (Expediente 2025/C003/000006)
930	14/10/2025	Aprobación modificación de créditos 16/2025 na modalidade de xeración de créditos vinculados á subvención para o investimento Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS + 2025)
931	14/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á A.C. do ensino da Arte da Música (Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla) e orde de pagamento segundo convenio.
932	14/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Escola de Música de Vedra e orde de pagamento segundo convenio.
933	14/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á A.C. San Campio e orde de pagamento segundo convenio.
934	15/10/2025	Aprobación listaxe provisional complementaria de axudas ao estudo concedidas con cargo ao crédito habilitado ao efecto e denegadas por non cumprir os requisitos da convocatoria.
935	16/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega para o ano 2025.
936	16/10/2025	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 3º trimestre de 2025
937	15/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente comunicación de obra de arranxo de galpón en Paradela – San Xián de Sales (Expediente 2025/U026/000066)
938	16/10/2025	Aprobación liquidación de taxas por expedición de certificación de non existencia de infracción urbanística (Expediente 2025/U004/000093)
939	16/10/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
940	16/10/2025	Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o Programa de Voluntariado Interxeracional no medio rural <i>Entretempos Vedra en voz alta</i> (Proxecto Piloto Talento Interxeracional no medio rural 2026)
941	16/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no Programa de actividades culturais municipais curso 2025/2026 correspondentes á mensualidade de outubro
942	17/10/2025	Adxudicación mediante contrato menor do Proxecto interxeracional Entretempos Raíces de Vedra: encontros interxeracionais de medio ambiente) (Proxecto piloto Talento Interxeracional no medio rural-Fondos NexGenerationEU) (Expediente 2025/C002/000027)
943	17/10/2025	Adxudicación mediante contrato menor do Proxecto interxeracional Entretempos Raíces de Vedra: grafiti promocional) (Proxecto piloto Talento Interxeracional no medio rural-Fondos NexGenerationEU) (Expediente 2025/C002/000026)
944	20/10/2025	Adxudicación mediante contrato menor da subministración e colocación de barreira simple e abatible no camiño de Galegos – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente 2025/OC02/000025)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



945	20/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
946	21/10/2025	Aprobación cumprimento de trienios de funcionaria municipal
947	21/10/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de saneamento da vivenda núm. 19 da Avda. M. M. Gómez Lorenzo –Vedra
948	21/10/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico
949	21/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente licenza urbanística de novo tramo de liña de baixa tensión subterránea en Angustín – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente 2025/U022/000022)
950	21/10/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de saneamento da vivenda núm. 4 de Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
951	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento dos gastos en concepto de participación no Voluntariado Xuvenil 2025
952	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento dos gastos en concepto de participación no Voluntariado Sénior 2025
953	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a expedición de certificados do Programa de Voluntariado Interxeracional 2025
954	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a expedición de certificados do Programa de Voluntariado Sénior A Maiores 2025
955	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a expedición de certificados do Programa Voluntariado Xuvenil 2025
956	21/10/2025	Aprobación e orde de pagamento dos gastos en concepto de participación no Voluntariado Interxeracional 2025
957	22/10/2025	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Substitución da cuberta da nave da estación, espazo escénico e musical, adxudicado a Nature Infraestructuras y Servicios, S.L.
958	23/10/2025	Aprobación listaxe definitiva de axudas ao estudo, curso 2025/2026, concedidas e denegadas
959	24/10/2025	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 3º trimestre de 2025
960	24/10/2025	Adxudicación mediante contrato menor dos traballos de pintado das fachas da casa do concello (Expediente 2025/C002/000024)
961	24/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar en Neira de Arriba, 22 – San Mamede de Ribadulla (Expediente 2025/U022/000023)
962	24/10/2025	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais 3º trimestre de 2025
963	24/10/2025	Aprobación indemnizacións aos/ás concelleiros/as do 3º trimestre
964	24/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
965	24/10/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de outubro
966	27/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
967	27/10/2025	Designación Vogal 4º (técnico/a designado/a pola Alcaldía) na Mesa de Contratación da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela – San Xián de Sales (POS + Adicional 2/2025)
968	27/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.42, por importe de 53.294,44 euros
969	27/10/2025	Designación Vogal 4º (técnico/a designado/a pola Alcaldía) na Mesa de Contratación da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS + 2025)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



970	27/10/2025	Concesión incremento de prazo para xestión de biomasa de parcela en San Xián de Sales
971	28/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao contrato de servizos Actuacións de carácter supramunicipal do PSTD Terras de Santiago, incluídos na relación de facturas F.2025.41, por importe de 19.595,01 euros
972	28/10/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de agrupación e parcelamento en Pedreira- San Miguel de Sarandón (Expediente 2025/U018/000004)
973	28/10/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
974	28/10/2025	Aprobación e orde de pagamento de anticipo en concepto de viaxe da terceira idade a Málaga e Granada do 03 - 07.11.2025
975	28/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
976	30/10/2025	Aprobación liquidación taxas por informes urbanísticos
977	30/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o Programa de Voluntariado Sénior A Maiores 2025
978	30/10/2025	Aprobación certificación única do investimento Melloras da eficiencia enerxética na Biblioteca/Ludoteca e na EIM (gardería) e factura correspondente da adxudicataria Instaiglesias, S.L, por importe de 56.736,9 0 euros (lote 1 e lote 2)
979	31/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondentes ao 1º cuadrimestre da tempada 2025/2026
980	31/10/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no programa de actividades culturais municipais, curso 2025/2026, correspondentes ao mes de novembro
981	31/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Raíces de Vedra (Proxecto piloto Talento Interxeracional no medio rural)
982	31/10/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o Programa de Voluntariado Xuvenil 2025
983	31/10/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
984	31/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.45, por importe de 88.721,98 euros
985	31/10/2025	Concesión autorización para corte de arboredo e rozadura de acordo coa memoria presentada en parcelas do polígono SAU-1 en San Xián de Sales
986	31/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2025.43, por importe de 14.256,86 euros e os abonos por importe de - 409,63 euros
987	31/10/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.44, por importe de 4.010,78 euros

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Aprobación prezo publico XV Ruta BBT da Camelia polo Val do Ulla 2026.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Á vista de que o Concello de Vedra organiza a XV Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla 2026 e á vista da documentación que obra no expediente 2025/X999/000121, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público para a XV Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla 2026 que se achega como anexo I á presente acta.

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta minutos.



ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO XV RUTA BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA 2026

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase a contía para a participación na XV Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla 2026.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas participantes da actividade e, no seu caso, os pais, titores ou responsables dos menores de entre 16 e 18 anos que se inscriban na actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola inscrición é de 20 euros.

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase no momento da inscrición a través da plataforma habilitada pola empresa que resulte adxudicataria do servizo de inscrición e cronometraxe.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá no caso de cancelación da actividade.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.